

Expediente: 3178/2024

Contrato de servizos "Xantar para as persoas maiores 2024"

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CELEBRACIÓN DO CONTRATO

Conforme ao que determina o artigo 28 e 116 da LCSP 2017 con carácter previo ao comezo do expediente de contratación procede determinar a idoneidade do obxecto do contrato e o contido para satisfacelas.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no seu artigo 30 expón en que suposto debe actuarse con medios propios e cando procede recorrer a terceiros. A este respecto para a prestación de servizos senta o principio de execución pola propia administración, ao establecer: *"3. A prestación de servizos realizarase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios. Con todo, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, poderase contratar de conformidade"*

Ao regular a preparación dos contratos das Administracións públicas no artigo 116 establécese esta obrigatoriedade: *"1. A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei e que deberá ser publicado no perfil do contratante".....4.No expediente xustificarse adecuadamente:..... f) Nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios."*

O informe de insuficiencia de medios, de acordo co art. 63.3 debe ser obxecto de publicación xunto cos pregos que haxan de servir de base á contratación. Na contratación de servizos de carácter intelectual, haberá que xustificar a imposibilidade de acometelos con empregados públicos, e ademais ter en conta que estes contratos non poden encubrir relacións laborais. A este respecto o artigo 308.2 LCSP advirte de que en ningún caso a entidade contratante poderá instrumentar a contratación de persoal por medio do contrato de servizos, incluídos os que por razón da contía tramítense como contratos menores.

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

1. OBXECTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DA SÚA NECESIDADE



O obxecto da presente licitación é a prestación do servizo de cátering no evento denominado "Xantar de confraternidade para as persoas maiores 2024".

O obxecto do contrato comprenderá:

- I. En canto á comida que se servirá esta será, **como mínimo e por persoa**:
 - Boi (500 gramos)
 - Lagostinos (250 gramos)
 - Pescada (350 gramos e comprada en lonxas locais)
 - Carne de tenreira (250 gramos) e guarnición
 - Sobremesas (torta ou similar)
 - Pan

- II. En canto ás bebidas:
 - Viño D.O. Albariño
 - Viño D.O. Mencía
 - Auga e refrescos
 - Café e licores tipo licor café, crema de augardente, de herbas, etc

- III. En canto á organización do evento, terán que se realizar pola persoa ou entidade adjudicataria as seguintes tarefas:
 - Organización do espazo onde se realiza o evento
 - Dispoñer mesas redondas no polideportivo, con decoración nelas
 - Mantel de tea
 - Vesti-las cadeiras
 - Climatización do recinto
 - Colocar moqueta no chan do recinto
 - Decora-las paredes e teitos do local
 - Estabelecer unha zona de cociña e preparación de alimentos



- Música ambiental

IV. En canto ó persoal, dispórase, como mínimo, dun/ha camareiro/a por cada 18 persoas.

A tipoloxía contractual na que se encadra é a de contrato de servizos, nos termos nos que se definen estes no artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do Sector Público.

O código CPV aplicable é 55300000-3: Servizos de restaurante e de subministración de comidas.

2. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E REVISIÓN DE PREZOS, NO SEU CASO.

Para o cálculo do valor estimado e do orzamento base de licitación tivéronse en conta os datos existentes na contabilidade municipal relativos á realización do evento en anos anteriores axustados a prezos de mercado e ao incremento do prezo das materias primas e man de obra, e partindo da base do número máximo de asistentes, establecerase en 750 persoas, o prezo por asistente/comensal será de 47,50 euros, IVE incluído, polo que o valor estimado e orzamento base de licitación será o seguinte:

Valor estimado: 32.385,00 euros.

IVE (10%): 3.238,50 euros.

Orzamento base de licitación: 35.623,50 euros.

Non procede revisión de prezos ao non darse os supostos do artigo 103 e ss. da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

3. XUSTIFICACIÓN , NO SEU CASO, DE NON DIVIDIR EN LOTES

Debido a que se trata de unha actuación singular, e que constitúe unha unidade prestacional integral a desenrolar nun curto período de tempo, non procede a súa división en lotes.

4. UNIDADE ENCARGADA DO SEGUIMENTO E EXECUCIÓN ORDINARIA E RESPONSABLE DO CONTRATO

O seguimento da execución do contrato farase polo persoal da Concellería de Turismo, sendo o responsable do contrato a concelleira delegada de Turismo.

5. XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS (CONTRATOS DE SERVIZOS)



Para poder levar a cabo a actividade pretendida, o Concello non conta con persoal habilitado como montadores, cociñeiros e camareiros no seu cadro de persoal nin cos medios materiais e equipamentos necesarios, excepción feita do recinto onde se vai a celebrar o convite.

Polo anteriormente exposto, queda acreditada a insuficiencia de medios tanto humanos como materiais, debendo recorrer á vía contractual para satisfacer esta necesidade, cumprindo así as esixencias previstas no artigo 116.4.f da LCSP.

6. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O procedemento de licitación será o aberto simplificado abreviado, artigo 159.6 LCSP, por razón da súa contía.

En canto aos criterios de adxudicación, utilizarase un único criterio (prezo mais baixo) xa que non existen razóns que xustifiquen a inclusión doutros criterios de adxudicación con ocasión das prestacións a realizar ao non preverse melloras nin variantes respecto do obxecto do contrato, nin ser susceptible de valoración un menor prazo de execución debido ás características da prestación.

7. CONDICIONES ESPECIALES DE EXECUCIÓN

De acordo do recollido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ó seu obxecto, no sentido do artigo 145 da LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias, as seguintes condicións de execución:

Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución a contratación de traballadoras demandantes de emprego con base na seguinte escala:

Unha traballadora nos contratos cuxo valor estimado estea comprendido entre 30.000 e 500.000 euros; dúas traballadoras nos contratos de 500.001 a 1.000.000 €; tres traballadoras nos contratos de 1.000.001 a 2.000.000 €; catro traballadoras nos contratos de 2.000.001 a 3.000.000 €; nos contratos de máis de 3.000.001 €, polo menos o 10% do persoal que se dedique á obra.

O incumprimento desta condición especial de execución considerarase incumprimento de obrigação esencial, e en consecuencia e seguindo o recollido no artigo 211 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o órgano de contratación poderá acorda-la resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar.



Na data da súa sinaura dixital.

A concelleira delegada de Turismo

Estefanía Ramos Olveira

